

– Como conseguiron atopar este terceiro brinde do Banquete de Conxo? Seguiron algunha pista determinada ou foi algo froito un pouco da casualidade?

–A primeira pista atopouna o investigador Damián Suárez na USC. Alí soubemos que existía unha copia do brinde na Biblioteca Nacional, en Madrid, pero non estaba no catálogo dixital. Rebuscamos a partir doutras referencias até dar con el, mesturado nun libro de escritos varios.

–Cales forons as razóns polas que, a diferenza dos outros dous, este texto permaneceu extraviado durante tantos anos?

–Aguirre e Pondal foron poetas con gran produción lírica posterior a Conxo. Rodríguez Seoane non tivo tanta, aínda que si actividade intelectual, política e académica. Os poemas dos dous primeiros apareceron na prensa (non o de Seoane) e foron denunciados polo arcebispo. Ademais, os brindes imprimíronse para Compostela, como follas voandeiras, o cal dificulta a súa supervivencia.

–Como Vde. di, os autores dos dous primeiros brindes, Pondal e Aurelio Aguirre, xa comezaban a ser unhas celebridades en Galicia. Pero quen viña ser Luís Rodríguez Seoane, estudante de Medicina, que asina o terceiro brinde e que, por certo, ten rúa dedicada en Pontevedra?

–En 1856 só Aguirre era un escritor con sona e presenza na prensa galega de entón. Pondal iniciaba a súa escrita. Seoane integrábase no círculo provincialista de Pontevedra, onde codirixe *El País*, e conecta na etapa universitaria con *El Liceo de la Juventud* (onde están Rosalía ou Murgía). Pero logo centrouse na formación académica, até chegar a reitor da USC, e na política. Con todo, colaborou co Rexurdimento por medio da prensa provincialista.

–Que contidos ou claves culturais, políticas e ideolóxicas aporta este texto que non estiveran xa nos de Pondal e Aguirre?

–Os tres textos teñen o mesmo fío: republicanismo, progresismo avanzado, cientifismo etc. Os autores simpatizaban co Partido Demócrata (PD), o promotor do acto, e por tanto hai empatía político-ideolóxica. Por outra parte, os autores comparten un mesmo espazo e xeración que será clave para o Rexurdimento, movemento que non foi só unha expresión literaria como ás veces se pensa.

–A alianza entre obreiros e estudantes pola que é coñecido o Banquete de Conxo resulta un feito histórico, pioneiro e ata sorprendente na Galicia da época. Qué contexto sociopolítico fixo posible a celebración de tan singular acontecemento?

–Non é tan sorprendente para a época se temos en conta que o PD tiña unha enorme presenza nas cidades galegas e que os banquetes eran un método habitual para celebrar actos políticos, cando entón estaban prohibidos. Por tanto, o banquete era un traxunto dun mitin, unha forma de saltar a legalidade para facer proselitismo político. Os brindes de Conxo son, ante todo, proclamas políticas a prol dun Goberno de esquerda fronte á Gran Coalición de Espartero e O'Donnell.

–Comoí posible que nunha Galicia rural e atrasada, incluso ao respecto do resto de España, de súpeto xurdise unha iniciativa tan vangardista?

–Galiza no XIX non era un país atrasado no intelectual. Érao se falamos en termos de comunicación terrestre, de deficiencias económicas ou de desequilibrio estrutural entre recursos e poboación. Porén, a principal vía de comunicación era o mar. Xa no XVIII documéntase a chegada clandestina de libros de Inglaterra e Francia; é dicir, dos dous

Xurxo Martínez González - FILÓLOGO E INVESTIGADOR

## “O Banquete de Conxo foi un feito clave para o Rexurdimento”



Xurxo Martínez,  
en Redondela.  
FOTO: ELI REGUEIRA

países máis avanzados en ideas en Europa. Os nosos intelectuais lían en francés e inglés, coñecían as novas tendencias (o romanticismo ou as ideas revolucionarias), reuníanse en espazos privados e públicos etc. Por tanto, estas xeracións coñecen o que se fai en Europa e, no que lles interesa, tratan de reproducilo aquí cun encaixe propio.

–O nacionalismo galego sempre foi maioritariamente de esquerdas. Quizais haxa que buscar as raíces deste perfil ideolóxico no mesmísimo banquete de Conxo?

–As ideas progresistas no XIX determinaron a configuración do imaxinario nacional colectivo; foron relevantes para a construción da identidade na medida en que se

“No século XIX, Galicia non era un país atrasado no eido intelectual”

Licenciado en Filoloxía Hispánica, investigador e escritor, débémolle a Xurxo Martínez González (Vigo, 1984), e tamén a Damián Suárez, a recente descuberta do documento escrito do terceiro brinde do histórico Banquete de Conxo, celebrado o 2 de marzo de 1856.

Martínez González é un dos autores do libro colectivo *Os últimos carballos do Banquete de Conxo* (Alvarellos e Consorcio de Santiago).

LOURDES VARELA

fixaban parámetros progresistas, no canto dos conservadores (como aconteceu, por exemplo, coa Renai-xença). Sobran os datos para certificarlo xa den-de a francesa. Por tanto, ese pensamento ten unha continuación, que pasa polo Banquete de Conxo e que continúa deica aos nosos días. Hai unha concatenación de feitos que galvanizaron este pensamento avanzado.

–Tivo influencia algunha o Banquete na posterior constitución das Irmandades da Fala en 1916?

–A influencia está na construción do discurso identitario e do imaxinario nacional que se fai no XIX, e do que chuchan as Irmandades. Ese contido divulgouse na prensa, na literatura, nos centros políticos, etc. E mantivo unha posición dominante. Pensemos, por exemplo, que os Villar Ponte (fundadores das IF) se formaron e proceden do republicanismo federal que ten precisamente a orixe no Partido Demócrata (fundado en 1849, xusto despois da revolución de 1848 en París).

–Como se explica o, en xeral, esquecemento (e descoñecemento) no que se mantivo a celebración do Banquete de Conxo ata hai relativamente poucos anos?

–Por un lado, non existía, un libro monográfico dedicado ao Banquete de Conxo, que puxese en valor o sucedido. Hai pouco publicamos *Os últimos carballos de Conxo* (Alvarellos e Consorcio de Santiago) que en parte remenda isto. Na literatura galega os brindes non aparecen máis que como referencia, sen entrar no contido e na dimensión cultural e ideolóxica que tiveron. Nos estudos literarios téndese á análise textualista e non á dimensión sociolóxica, cultural ou político-ideolóxica.